

ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS

Glorioso Príncipe da Corte do Ceo,
Arcanxo San Miguel,
gran primeiro Ministro de Deus,
amigo de Xesucristo,
e moi favorecido da sua Santísima Nai,
defensor da Igrexa
e avogado do xénero humano:
xa que tanto favoreces aos teus devotos,
fai que eu saiba amar e servir,
e consígueme do Señor
o que desexo e pido nesta novena,
pra honra e gloria sua
e proveito da miña alma. Amén
Que o Señor nos bendiga †,
nos garde de todo mal e nos leve á vida eterna. Amén

ARCANXO SAN MIGUEL DE VENTÍN



*Área Pastoral d'Os Cotos
Parroquia de San Miguel de Ventín*

INVOCACIÓNS E PREGARIAS A SAN MIGUEL

1.- Pola intercesión de San Miguel e o coro dos **Serafíns**, que Deus prepare os nosos corazóns pra recibir o lume da caridade perfecta

Todo@s: SAN MIGUEL, ROGA POR NÓS

2.- Pola intercesión de San Miguel e o coro dos **Querubíns**, que Deus nos conceda rexeitar os camiños do pecado e avanzar nos vieiros do evanxeo.

3.- Pola intercesión de San Miguel e o coro dos **Tronos**, que Deus deite nos nosos corazóns o verdadeiro e sincero espírito de humildade.

4.- Pola intercesión de San Miguel e o coro das **Potestades**, que Deus nos conceda a graza de dominar as nosas paixóns.

5.- Pola intercesión de San Miguel e o coro das **Dominacións**, que Deus nos ampare dos atrancos do malo.

6.- Pola intercesión de San Miguel e o coro das **Virtudes**, que Deus non nos deixe caer na tentación.

7.- Pola intercesión de San Miguel e o coro dos **Principados**, que Deus nos conceda o don de ser coherentes coa súa Palabra.

8.- Pola intercesión de San Miguel e o coro dos **Arcanxos**, que Deus nos conceda medrar na fe e nas boas obras.

9.- Pola intercesión de San Miguel e o coro dos **Anxos**, que Deus nos conceda a graza de vernos amparados nesta vida e para a eterna.

HIMNO NOVENA A SAN MIGUEL

**Ser de la fe campeones
conceded a nuestro celo,
ser de la fe campeones
conceded a nuestro celo.**

Dad, Arcángel glorioso,
aliento a nuestra esperanza,
pués gozáis tanta privanza
con el Todopoderoso,
Y en el día tenebroso
dirige a Dios nuestro vuelo.

**Ser de la fe campeones
conceded a nuestro celo,
ser de la fe campeones
conceded a nuestro celo.**